


coñecementos que se impartirán no



- PSICOLOXÍA
- PEDAGOXÍA
- SOCIOLOXÍA
- XOGOS DE TODO TIPO
- DINÁMICA DE GRUPOS
- SEGURIDADE E PRIMEIROS AUXILIOS
- ORIENTACIÓN E TOPOGRAFÍA
- CAMPISMO, NOS
- SENDEIRISMO E RUTAS
- LEXISLACIÓN E PERMISOS
- SEGUROS
- CANCÍONS E VELADAS
- OBRADOIROS DIVERSOS
- EDUCACIÓN AMBIENTAL
- ITINERARIOS DE INTERPRETACIÓN
- ALIMENTACIÓN E NUTRICIÓN
- ASOCIACIONISMO
- SUBVENCÍONS
- ETC...

METODOLOXÍA DAS CLASES: As clases son totalmente participativas e se intercalan con xogos. A participación do/a alumno/a é imprescindible para o bo desenvolvemento do curso. Isto fai que o curso sexa moi dinámico.



LUGAR:

O curso celébrase en Betanzos, nas instalacións do Espazo Xove de Betanzos (rúa Valdoncel 7, 15300 Betanzos). As preinscricións poden formalizarse no propio Espazo Xove de Betanzos (tlf. 881.880.279, correo: espazoxovebetanzos.xuventude@xunta.gal). Tamén podes apuntarte no correo etlquerqus@gmail.com.

PREZO:

PREZO XERAL: 260,00 euros

PREZOS ESPECIAIS: 250,00 euros (posuidores do carné xove ou membros de AAXX). As persoas desempregadas terán un prezo de **245 euros**. Ademais, os voluntarios/ ou colaboradores da Fundación Fragas do Mandeo terán un desconto extra, quedado a súa matrícula en **240,00 euros**. O curso, farase cun mínimo de 16 alumnos-as. O pago farase unha vez confirmado o curso. Existe a posibilidade de fraccionalo pago en dúas cotas. O máximo de alumnos será de 25.

REQUISITOS:

- Ser maior de idade
- Posuir, ó menos, algunha das seguintes titulacións:
 - *Graduado Escolar (EXB)
 - *Graduado en Educación Secundaria ou equivalente
 - *Técnico auxiliar en formación profesional ou equivalente

TITULACIÓN

Unha vez rematado o curso, e se a avalición é positiva, comeza o período de prácticas (12 días de campamento ou 150 horas de traballo nunha asociación adicada ó tempo libre). Cando se supere a fase de prácticas otorgarase o título oficial de MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE.

D A T A S 2020-2021

OUTUBRO 2020: 3, 10, 17, 24, 25, 31
NOVEMBRO 2020: 7, 14, 21, 22, 28
DECEMBRO 2020: 5, 12, 19, 20
XANEIRO 2021: 9, 16, 23, 30, 31



HORARIOS

9 a 14 horas
15,30 a 20,30 h.

Información xeral


O título de Monitor de Actividades de Tempo Libre habilita para exercer coma monitor en calquera campamento. Ademais faculta para dirixir campamentos que non superen os 25 participantes. Hoxe en día é un título necesario para traballar en actividades de ocio e tempo libre, e non só pensando en nenos e mozos, senón en adultos e terceira idade.

O curso divídese en dúas fases: a primeira dura 200 horas lectivas; é a **fase teórico-práctica** onde se imparten moitas materias e se dota de recursos e ideas ós futuros monitores. A segunda **fase**, a **práctica**, dura 150 horas, e se desenvolve ou ben en campamentos, ou ben en entidades que traballen en prol do lecer e tempo libre dun determinado colectivo (sexan nenos, mozos, adultos ou terceira idade).

O título otórgase unha vez superadas ambas fases. Para isto cada alumno conta cun titor da escola que axuda e orienta os proxectos e memorias das prácticas. Por último, cada alumno entregará un ficheiro cos xogos, cancións e bailes das animacións aprendidas durante o curso, e que unha vez avaliado polo titor correspondente será devolto.

Non procederá a avaliación a aqueles alumnos que non asistan ó 80% das clases.

ESPAZO XOVE DE BETANZOS
rúa Valdoncel 7
15300 BETANZOS
TLF 881.880.279
espazoxovebetanzos.xuventude@xunta.gal



escola de tempo libre QUERQUS
etlquerqus@gmail.com



Escola de Tempo Libre
"QUERQUS"

CURSO de MONITOR de ACTIVIDADES de TEMPO LIBRE en BETANZOS

no ESPAZO XOVE (Casa da Xuventude)
de BETANZOS

do 3 de outubro de 2020
ó 31 de xaneiro 2021

Modalidade FIN DE SEMANA

Modalidade FIN DE SEMANA